

	Abreviatura
Reina de las Viñas, B.	
Roseti, Rosaki, Regina, Dattier de Beyrouth, B.	
Sultanina, B.	
Valenci Blanco, B.	
Valenci Tinto, T.	
Variedades autorizadas:	
Autum Black, T.	
Autum Seedless, B.	
Black Rose, T.	
Blush Seedless, T.	
Calmeria, B.	
Centenial Seedless, B.	
Christmas Rose, T.	
Crimson Seedless, T.	
Dabouki, B.	
Dawn Seedless, B.	
Doña María, Donna Maria, B.	
Early Muscat, B.	
Sugra Five, B.	
Emerald Seedless, B.	
Exotic, T.	
Fantasy Seedless, T.	
Flame Seedless, T.	
Gold, B.	
Matilde, B.	
Perlette, B.	
Queen, T.	
Red Globe, T.	
Ruby Seedless, T.	
Sugra One, B.	

Variedades de destino particular

Todas as comunidades autónomas.

Producción de pasas

Variedades recomendadas:

Moscatel de Alejandría, B.
Sultanina, B.

Variedades autorizadas:

Sugra Five, B.
Sugra One, B.*Variedades de portaenxertos*

Todas as comunidades autónomas.

Variedades recomendadas:

Abreviatura

1 Blanchard = Berlandieri x Colombard	BCI
196-17 Castel=1203 Couderc (Mourviedro x Rupestris Martin) x Riparia Gloria	196-17 CL
6736 Castel = Riparia x Rupestris de Lot	6 736 CL
161-49 Couderc = Riparia x Berlandieri	161-49 C
1616 Couderc = Solonis x Riparia	1616 C
3 309 Couderc = Riparia Tomentosa x Rupestris Martín	3 309 C
333 Escola Montpellier = Cabernet Sauvignon x Berlandieri	333 EM
13-5 E. V.E. Jerez = Descendencia de Berlandieri Resseguier n.º 2 Fercal (6)	13-5 EVEX
5 A Martínez Zaporta = Autofecundación de 41-B	5A MZ
41 B Millardet-Grasset = Chasselas x Berlandieri	41B M
420 A Millardet-Grasset = Berlandieri Grasset x Riparia	420A M

	Abreviatura
19-62 Millardet-Grasset = Malbec x Berlandieri	19-62 M
101-14 Millardet-Grasset, (6)	101-14M
1 103 Paulsen = Berlandieri Resseguier n.º 2 x Rupestris de Lot	1 103 P
31 Richter = Berlandieri Resseguier n.º 2 x Novo Mexicana	31 R
99 Richter = Berlandieri Las Sorres x Rupestris de Lot	99 R
110 Richter = Berlandieri Resseguier n.º 2 x Rupestris Martín	110 R
140 Ruggeri = Berlandieri Resseguier n.º 2 x Rupestris de Lot	140 Ru
5 BB Teleki-Kober = Berlandieri x Riparia	55 BBT
SO4 Selección Oppenheim del Teleki n.º 4 = Berlandieri x Riparia	SO4
Rupestris du Lot	R de Lot»

MINISTERIO DA PRESIDENCIA**7613**

CORRECCIÓN de errores do Real decreto 449/2005, do 22 de abril, polo que se modifica o Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo. («BOE» 112, do 11-5-2005.)

Advertido erro no Real decreto 449/2005, do 22 de abril, polo que se modifica o Regulamento orgánico do Consello de Estado, aprobado polo Real decreto 1674/1980, do 18 de xullo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 5 en lingua galega, do 2 de maio de 2005, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 713, primeira columna, no punto catro do artigo único, onde di: «Modifícase o artigo 3...», debe dicir: «Modifícase o artigo 4...».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN**7696**

CORRECCIÓN de errores do Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina. («BOE» 113, do 12-5-2005.)

Advertidos errores no Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 5, do 2 de maio de 2005, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 697, segunda columna, na disposición transitoria primeira, onde di: «...especificado no punto anterior.», debe dicir: «...especificado no artigo 5.c.».

Na páxina 699, primeira columna, no terceiro parágrafo do punto B.3 do anexo I, onde di: «...actuaciones inco-

rrectamente controladas...», debe decir: «...lactacións incorrectamente controladas...».

Na páxina 707, primeira columna, no punto 3.1.4.b).2.º do anexo III, onde di: «2.º Cando o dato faltante de quilogramo de leite...», debe decir: «2.º Cando o dato faltante de gramos de leite...».+

ción á legalidade e ordenará, se é o caso, a súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Disposición transitoria segunda. Constitución do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos.

1. O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos quedará formalmente constituído e adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constitúan os seus órganos de goberno, conforme o previsto nos estatutos provisionais a que se refire a disposición transitoria primeira.

2. No prazo dun ano desde a súa constitución, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos elaborará os seus estatutos definitivos, previstos no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno a través do Ministro de Educación e Ciencia.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumplir esta lei.

Madrid, 13 de maio de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

7873 LEI 7/2005, do 13 de maio, pola que se crea o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos. («BOE» 115, do 14-5-2005.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, modificada polas leis 74/1978, do 26 de decembro, e 7/1997, do 14 de abril, establece no seu artigo 4.4 que cando estean constituídos varios colexios da mesma profesión de ámbito inferior ao nacional existirá un consello xeral, para cuxa creación se precisa unha lei do Estado, segundo o previsto no artigo 15.3 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

Esta situación prodúcese en relación cos colexios oficiais de psicólogos, dado que o colexio oficial de ámbito nacional foi creado pola Lei 43/1979, do 31 de decembro, e se crearon sucesivamente os correspondentes colexios profesionais en distintas comunidades autónomas e nas cidades de Ceuta e Melilla.

Artigo 1. Creación do Consello Xeral.

Créase o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos como corporación de dereito público, que terá personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins consonte a lei.

Artigo 2. Relacións coa Administración xeral do Estado.

O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Educación e Ciencia, sen prexuízo de o poder facer tamén a través doutro departamento ministerial en razón da materia de que se trate.

Disposición transitoria primeira. Comisión xestora.

1. No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei, constituirase unha comisión xestora composta por un representante de cada un dos colexios oficiais de psicólogos actualmente existentes.

2. A comisión xestora elaborará no prazo de seis meses, contado desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos, nos cales se deberán incluír as normas de constitución e funcionamento dos devanditos órganos, con determinación expresa da competencia independente, áinda que coordinada, de cada un deles.

3. Os estatutos provisionais remitiránse ao Ministerio de Educación e Ciencia, que verificará a súa adecua-

7874 CORRECCIÓN de errores da Lei 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscales de acontecimentos de excepcional interese público. («BOE» 115, do 14,-5-2005).

Advertidos errores na Lei 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscales de acontecimentos de excepcional interese público, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 1, do 1 de xaneiro de 2005, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 214, primeira columna, no antepenúltimo parágrafo da exposición de motivos, onde di: «...art. 27.3...», debe decir: «...artigo 27.3...».

Na páxina 214, primeira columna, no derradeiro parágrafo da exposición de motivos, onde di: «IV Centenario da primeira edición do Quijote», debe decir: «IV Centenario do Quijote».

Na páxina 223, na taxa de control metrolóxico, aprobación do modelo, nas liñas 20 e 21, onde di: «(Qmáx ≤ m³/h)», debe decir: «(Qmáx = 20m³/h)».

Na páxina 223, na taxa de control metrolóxico, aprobación do modelo, na liña 26, onde di: «...gas de turbina G 60 < Tamaño...», debe decir: «...gas de turbina G 160 < Tamaño...».

Na páxina 224, na taxa de control metrolóxico, na liña 30, onde di: «...até 21 kg a 100 kg...», debe decir: «...de 21 kg a 100 kg...».

Na páxina 227, segunda columna, no artigo décimo oitavo, onde di: «...Lei 62/2002, do 30 de decembro...», debe decir: «...Lei 62/2003, do 30 de decembro...».

Na páxina 228, primeira columna, na disposición adicional primeira, onde di: «...Lei 13/1996, de medidas...», debe decir: «...Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas...».